

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
  - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
  - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
  - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
  - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
  - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
  - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
  - 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, a Consellería de Sanidade ten a competencia para:**

- A) Aprobar a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- B) Elaborar o proxecto do Plan de Saúde de Galicia.
- C) Aprobar novas prestacións.
- D) Acordar a creación de hospitais públicos.

**2. De conformidade co artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, os datos de carácter persoal obxecto do tratamento só poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do cesionario co previo consentimento do interesado. Con todo, o consentimento do interesado NON será preciso ...**

- A) Cando se trate de datos recollidos de fontes accesibles ao público.
- B) Cando a cesión sexa autorizada pola autoridade competente.
- C) Cando a comunicación teña por destinatario unha Administración Pública.
- D) Cando se trate de datos relativos á saúde e a comunicación sexa necesaria para un proceso asistencial.

**3. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, o persoal sanitario clasifícase, atendendo ao nivel académico do título esixido para o seu ingreso, da seguinte forma:**

- A) Persoal de formación universitaria e persoal de formación profesional.
- B) Persoal de formación universitaria e persoal sanitario sen titulación oficial.
- C) Persoal licenciado e persoal graduado.
- D) Persoal de formación superior e persoal de formación media.

**4. Entre as seguintes, indique cal NON é unha situación administrativa do persoal estatutario:**

- A) Servizos especiais.
- B) Servizo activo.
- C) Excedencia por causa de enfermidade.
- D) Excedencia por servizos no sector público.

**5. De conformidade coa Lei galega 3/2001, do 28 de maio:**

- A) As instrucións previas son irrevogables durante o primeiro ano da súa vixencia.
- B) O paciente decide o procedemento terapéutico, pero non o procedemento diagnóstico.
- C) Tamén serán informadas, con carácter previo ao consentimento, as persoas vinculadas ao paciente por razóns familiares ou de feito, na medida en que o paciente o permita.
- D) A opinión dunha persoa incapacitada legalmente non será tomada en consideración nos casos de intervención cirúrxica.

**6. De conformidade coa Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, é competencia exclusiva do Estado:**

- A) O control sanitario dos produtos relacionados co uso ou consumo humanos.
- B) A organización e xestión dos sistemas de vixilancia en saúde pública.
- C) A autorización de instalación e funcionamento de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- D) A sanidade exterior.

**7. Entre os seguintes, indicar cal NON é un órgano de dirección dunha estrutura de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde:**

- A) Dirección de Procesos Asistenciais.
- B) Dirección de Recursos Humanos.
- C) Dirección de Recursos Económicos.
- D) Dirección Operativa.

**8. Consonte o Decreto 206/2005, que procedemento debe aplicarse para cubrir un posto de xefe/a de servizo de cardioloxía nun hospital do Servizo Galego de Saúde?**

- A) Concurso de méritos ou libre designación, a elección do órgano convocante.
- B) Avaliación colexiada.
- C) Concurso de méritos.
- D) Libre designación.

**9. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, os delegados de prevención serán designados ...**

- A) Por sorteo, entre os traballadores que se presenten voluntariamente.
- B) Por e entre os representantes do persoal.
- C) Pola dirección da empresa.
- D) Polos traballadores.

**10. De conformidade co Decreto 206/2005, o persoal estatutario que non se incorpore, no prazo establecido, a un destino obtido nun concurso de traslados ...**

- A) Pasa á situación de excedencia voluntaria.
- B) Perde a condición de persoal estatutario.
- C) Pasa á situación de suspensión de funcións.
- D) Será obxecto dun expediente disciplinario.

#### Preguntas de reserva

**1. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, a historia clínica:**

- A) Debe ser única por paciente en todo o Sistema Nacional de Saúde.
- B) Debe ser entregada ao paciente tras cada episodio asistencial.
- C) Debe incluír o médico ou profesional responsable.
- D) É propiedade do paciente.

**2. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde:**

- A) Non ten personalidade xurídica propia.
- B) Está adscrito á Consellería de Sanidade.
- C) Non conta con patrimonio propio.
- D) Está adscrito ao Consello da Xunta.